



/ O que fixemos... / Indo de voda.

O pasado 11 de decembro celebrouse na parroquia da Milagrosa, na Coruña, o enlace matrimonial entre Emma Otero e o Carlos.

Retomar as actividades.

A partir do día 24 de setembro, e grazas á colaboración da parroquia da Milagrosa de Elviña, foi posíbel retomar os ensaios do coro e da rondalla coa finalidade de poder participar na voda de Emma Otero, socia de Tanxedoira, que se celebrou na devandita parroquia o pasado 11 de decembro.

Emma, como socia da asociación e como antiga compoñente do coro, da rondalla e de teatro, decidiu contar coas agrupacións musicais de Tanxedoira para acompañala durante a cerimonia relixiosa.

Foi todo un orgullo o poder participar nesta festa tan emotiva, da que nos fixeron partícipes os noivos.

Desde Tanxedoira desexámoslles moitísimas felicidades e un feixe de parabéns nesta nova etapa das súas vidas en conxunto.

Que vivan os noivos! 🎉



Ensaio da rondalla nos locais da Milagrosa de Elviña.

De igual maneira, e a partir do día 4 de outubro, foi posíbel comezar coas restantes actividades, desenvolvéndoas no Centro Cívico do Castrillón (teatro) e no local da asociación. Neste último caso, doutouse dos elementos e organización correspondentes para dar cumprimento a todas as medidas preventivas establecidas polas autoridades.

Confiamos en poder seguir avanzando no control da COVID-19 e que tal feito faga posíbel volver á normalidade que tanto botamos en falta 🎉

Tanxedoira.



Esperando o comezo da celebración.

Noemí Iglesias.

Corais xuntas por Ucrania.

Algúns membros do coro Tanxedoira participaron no encontro de corais celebrado onte na praza de

María Pita en favor da paz e o cese da guerra e promovido pola coral Adayeus. Todos xuntos cantaron, con moita emoción, o *Dona Nobis Pacem* de Mozart! Pódese cantar chorando? ... Pódese!



Cantores xuntos pola paz.

Seguindo a Celaya, que dicía: "La poesía es un arma cargada de futuro". As harmoniosas voces de cincocentas persoas pertencentes a vinteasete coros herculinos soaron en María Pita como berros ao ceo disparados para exixir a Paz na Ucraína, mostrando solidariedade e empatía con todas as persoas inocentes que están a sufrir a barbarie da guerra.



A nosa representación.

Máis unha vez, a música, como linguaxe universal, serviu para unirmos nun só sentimento que clama polo cese da guerra e que persegue a paz entre iguais

Consuelo Varela.

Rosario, a nosa escritora.

A nosa querida socia e amiga Rosario ben de sacar a súa última obra en febreiro do presente ano. Las manzanas no se tocan é unha novela ambientada no rural durante a época estival, onde a protagonista narra en primeira persoa a súa necesidade de fuxir ao campo para se atopar na soidade, lonxe do ruído, a pesar de que as súas relacións, familiares e laborais, sempre lle pululan polo maxín. Unha novela de rápida e amena lectura,

onde tamén ten cabida a reflexión vital e a preocupación por ser un bo profesional. Sen dúbida, é unha peza digna de ler durante un tempo de lecer, para facelo con calma e para desfrutar da súa lectura. Non perdades de desfrutar desta novela!

A presentación da súa obra levouse a cabo o 21 de abril ás 19:30 no local social da Casa de Aragón da Coruña



A súa nova obra.

David Loureiro.

Aqueles maravillosos anos!



06/05/1989 XX Festival de la Canción Misionera.

/ A destacar.../

Publicación
subvencionada pola
Deputación da Coruña.



AXENDA

📅 30 de abril.

TEATRO.- As 18:00 horas, no Centro Cívico do Castrillón, os compoñentes do Teatro Tanxedoira, representarán a zarzuela “Los Claveles”. Entrada de balde.

📅 17 de maio.

PROGRAMA HOGUERAS DE SAN JUAN.

TEATRO. O noso grupo teatral, colaborará co programa das “Hogueras de San Juan de La Coruña”, saíndo ao escenario do Centro Social Sagrada Familia para ofertar a zarzuela “Los Claveles”. Hora: 17:00 (Pendente de confirmación). Entrada de balde.

/ Non perdas.../

Solicítase colaboración.

Agradécese que aquelas persoas asociadas que dispoñan de correo electrónico ou Whatsapp, o comuniquen á Asociación coa finalidade de facerlles chegar por unha desas opcións os boletíns de Tanxedoira, o que permitirá que dispoñan da información o máis axiña posíbel. Ademais de supor un aforro en selos, sobres e fotocopias que redundará en beneficio de todos e todas

Actualización de datos.

Dada a importancia que ten o feito de dispor dos datos actualizados das persoas asociada (nº conta bancaria, dirección postal ou teléfono), solicítase que calquera cambio nos mesmos nolo fagan saber por calquera dos medios que Tanxedoira pon á disposición, e que figuran na carta que acompaña o presente boletín. Grazas.